

7 DE ABRIL

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

Cada ano, o 7 de abril, a Organización Mundial da Saúde (OMS) conmemora, en todo o mundo, o **DÍA MUNDIAL DA SAÚDE**. Coa celebración deste día preténdese recordar e informar á poboación sobre a importancia de ter hábitos e estilos de vida saudables, para así, reducir a incidencia de enfermidades e mellorar a nosa saúde física, psicolóxica e social. Con ese propósito a OMS, dende a súa constitución no ano 1948, promove diversas accións encamiñadas a potenciar a saúde, preservar a seguridade do mundo e servir ás persoas máis vulnerables, de xeito que todas as persoas poidan acadar o grao máis alto de benestar e saúde.

De igual maneira, cada ano, a OMS pon o acento nalgún aspecto concreto da saúde. Este ano 2024, pola crecente ameaza que os conflitos bélicos supoñen para a saúde de millóns de persoas causando morte, dor, fame e angustia psicolóxica; o lema é **“A miña saúde o meu dereito”**. Con el preténdense defender os dereitos de todas as persoas, en todas as partes, a ter acceso a servizos de saúde, educación e información; así como a auga potable, aire limpo, boa nutrición, vivenda de calidade, condicións ambientais e de traballo decentes e liberdade de elección.